

I.E.S “ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS”

PLAN DE CONTINXENCIA DO I.E.S “ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS”

ANEXO VI DO PROTOCOLO DE
ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19
NOS CENTROS DE ENSINO NON
UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O
CURSO 2020-2021

Índice

Índice1

CONTIDOS RECOMENDADOS2

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO2

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL4

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL5

PLAN ESPECÍFICO DE ATENCIÓN PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO ENSINO
VIRTUAL6

ANEXO VI: “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”¹

CONTIDOS RECOMENDADOS

En todos os apartados pódense utilizar as medidas establecidas no protocolo xeral das consellerías de Educación e Sanidade adaptadas ao caso concreto do centro, ou a súa reprodución no Plan como recordatorio da súa obriga.

O Plan de Continxencia do centro educativo I.E.S. “Antonio Fraguas Fraguas” de Santiago de Compostela ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

¹ O centro elaborará un “Plan de Continxencia”, que será aprobado pola dirección do centro, de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria. (Epígrafe 10.5 do PROTOCLO DE ADAPTACIÓN... VERSIÓN 16-09-2020)

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Poñer a disposición do profesorado e alumnado as “aulas telemáticas” para o caso de necesitar puntualmente unha comunicación instantánea co alumnado, e mesmo a incorporación de aulas telemáticas de desdobres cando sexa preciso.

b) O horario lectivo será como mínimo o 60% do respectivo presencial. Deste xeito as materias pasarán a ter unha carga lectiva semanal de, polo menos 30 minutos, mantendo as mesmas horas de inicio do horario presencial. O tempo restante ata o inicio da seguinte sesión déixase para traballo persoal do alumnado e consultas ao profesorado, que permanecerá a disposición.

Os denominados “horarios espello” para o caso dun confinamento coinciden cos da modalidade presencial, salvo na duración total de cada periodo antes indicada, que se poderá adaptar en cada caso, dende a duración mínima de 30 minutos ata o que a actividade concreta precise. Deste xeito mantense a hora de inicio de cada periodo. O alumnado deberá conectarse á aula virtual do centro, no curso da materia concreta, no horario establecido. En cada caso indicárase na propia aula virtual a actividade a realizar, así como a forma de manter a comunicación co/a profesor/a, e de ser o caso, o enlace da conexión.

c) Organización xeral da sesión :

- A parte expositiva por parte do/a profesor/a terá carácter virtual e poderá realizarse en varios formatos (grabacións de video, grabacións de audio, enlaces web, textos escritos con ou sen imaxes, videoconferencia, etc) segundo determine o profesorado en cada caso. A referencia inicial para cada clase será sempre o acceso á aula virtual da materia concreta.

- A partir da explicación inicial, o alumnado iniciará o traballo persoal, e todavía na duración da sesión, poderá dirixirse ao/á profesor/a para realizar cantas consultas e aclaracións precise, pola vía telemática que en cada caso estableza o profesorado e que sexa apropiada para a materia (mensaxería da aula virtual, foros de consultas, correo, videoconferencia, etc). Durante o tempo da sesión o/a profesor/a permanecerá conectado/a e responderá a todas as cuestións que sexa posible a través da vía indicada.
- O profesorado controlará a conexión do alumnado á aula virtual cada día. No caso de comprobar a non asistencia do alumnado, deixará constancia na aplicación Xade, a cal transmite a información ás familias a través de Abalar de xeito automático e diariamente. De ser necesario, ademais o profesorado informará aos/ás titores/as das incidencias que se produzan, para que estes/as informen ás familias e/ou á dirección do centro, cando sexa oportuno.
- Para a realización de probas de avaliación, atenderase ao disposto na programación didáctica de cada materia para o caso dun confinamento.

d) Manterase o mesmo horario do profesorado de titoría de pais e nais. O contacto para establecer a cita de titoría realizarase mediante a aplicación Abalar.

e) Continuar utilizando os espazos de titoría creados na web do centro para atención ás familias de forma telemática.

f) Continuar utilizando a aplicación Abalar Móbil para a comunicación coas familias, tanto masiva como puntual, así como o correo electrónico cando se considere necesario.

g) Mantemento da rede de información a través dos/as delegados/as de aula mediante whatsapp e Instagram (información directa ao alumnado cando sexa preciso).

h) Continuar informando ás familias a través de todas as canles establecidas na actualidade (páxina web, Abalar, Aula Virtual, Instagram, Fraguas TV (YouTube)...

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

A incorporación ao centro realizarase de xeito gradual para o caso da finalización dun peche presencial total, do mesmo xeito que se realizou ao inicio do curso, priorizando o inicio máis temperán posible ao alumnado de bacharelato, e o resto de grupos de forma gradual.

No resto dos casos de reincorporación (aula ou nivel educativo) a reincorporación realizarase de forma simultánea e programada, previa información a través das canles habituais (páxina web e Abalar).

PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO ENSINO VIRTUAL

No marco do **Plan específico de actuación** para garantir a través do ensino virtual a AD a todos os alumnos/as do centro que presentan n.e.a.e., dende o DO propoñense os seguintes obxectivos e as propostas metodolóxicas:

OBXECTIVOS:

- Adecuar as AC, os programas de PMAR ou o RE a situación concreta de ensino non presencial (telemático) cunha duración mínima de 15 días, así como propor medidas as metodolóxicas e organizativas que sexan precisas para garantir un ensino igualitario e de calidade.
- Prestar apoio emocional as familias e os alumno/as, intentando transmitir calma e serenidade para levar do mellor xeito posible esta situación.

ACTUACIÓNS:

- Poñer maior acento nos contidos nucleares do currículo, centrándose en aspectos instrumentais, facilitando instrucións moi claras, axudando a que o alumnado busque información para realizar as tarefas, facilitándolle estratexias de meta-avaliación, etc.
- Coordinar co equipo docente a intervención do profesorado de PT ou AL que lle viñan dando apoio.
- Adaptar de acordo co equipo docente a posta en práctica da avaliación educativa, de acordo co tipo de n.e.a.e. que presente ese alumno/a.
- Seguimento do alumnado con n.e.a.e. que ten informe psicopedagóxico, para realizar os posibles axustes nas medidas adoptadas de acordo coa situación na que se atopa.
- Dun xeito habitual o alumnado n.e.a.e. fai uso de todas as ferramentas dispoñibles na aula virtual, tópanse totalmente familiarizados con elas e co seu uso para realizar as tarefas cotiás que lles propoñen os distintos profesores.
- Este Plan Xeral unha vez adaptado a cada un dos alumnos n.e.a.e. (Plan individualizado) intégrase no Plan de Continxencia do Centro.